

### **Instrucións do alumnado PAU.**

Accédese á aplicación a través dun navegador web. Na barra de direccións, situada na parte superior da pantalla, introduce o enderezo <http://www.edu.xunta.es/nerta/> e a continuación preme a tecla Enter. Tamén hai un enlace no portal educativo da consellería, na sección “Alumnos”.

**No momento da matrícula no centro, xerarase unha solicitude de conta de usuario para poder acceder a nerta automaticamente. Recibirás na túa conta de correo electrónico información cos pasos a seguir para completar a activación da conta de usuario solicitada.**

**Todas as contas de usuario de nerta xestionaranse de maneira independente na aplicación <https://www.edu.xunta.es/contausuario>, nesta aplicación podes activar a conta, cambiar o contrasinal, desboquear a conta, etc...**

As incidencias que poidan xurdir relativas a esta aplicación deberán dirixirse á UAC (Unidade Atención a Centros teléfono: 902905445).

Unha vez teñas activada a túa conta, para entrar na aplicación introduce o teu usuario (ueXXXX) e contrasinal, unha vez que te identifies como usuario, aparece o menú da aplicación:



- ▶ En Alumnado visualízanse os teus datos: persoais, académicos dos estudos de acceso e expedientes de PAU anteriores.
- ▶ En PAU - Matrícula visualízanse os teus datos de matrícula na PAU: opción, estado da matrícula, tipo de matrícula, número de inscrición, opción de recibir correo electrónico e materias.
- ▶ En PAU - Cualificacións visualízanse as túas cualificacións da PAU: listaxe de cualificacións por materia, cualificacións dos exercicios e cualificación da PAU. Tamén podes observar o resultado das reclamacións que realizache ás cualificacións da PAU.
- ▶ En PAU - Reclamacións podes xerar o impreso de reclamación:
  - ▶ Preme o botón **ENGADIR**.
  - ▶ Selecciona a materia premendo nela no recadro “Materias” ou cubrindo o campo “Código” no recadro “Engadir reclamación”.
  - ▶ Cubre o tipo de reclamación e as razóns xustificativas da mesma.
  - ▶ Preme o botón **GRAVAR**.
  - ▶ Repite o proceso para cada materia da que queiras reclamar.
  - ▶ Para eliminar a reclamación dunha materia, selecciónaa e preme o botón **ELIMINAR**.

- Xera o impreso de reclamación co botón **XERAR IMPRESO DE RECLAMACIÓN**. Imprimeo ou garda o documento pdf.